



IV 839

[San Xorsé] de Codeseda
ten unha capa marela.
Quen lla dou quen lla daría?
Nuestra Señora da Grela.

Carrascal carrascal
que bonita retaguardia
Larala...

- Mañá repetimos.

Este pandeiro que toco
era de coiro de ovella
inda onte comeu herba
hoxe toca que rabea.

[Miña sogra cando reñe]
ponse no medio da casa
ela dime: “Bota fóra.”
Eu digo: “Ten boa traza.”

IV 606b

Miña soghra e maila túa
van na feira da Portela
vendelo becerro neghro
fillo da vaca marela.

IV 582b

O ghaiteiro de Soutelo
foi tocar a Santa Marta
adormeceu no camiño
escarrilláronlle a ghaita.

[Entraí] a bailar, bailar -e
entraí a bailar, bailar -e
chama a quen che parecer -e
a min déixame quedar -e.

IV 583c

O ghaiteiro de Soutelo
foi tocar a Vilaboa
as mociñas da Portela
roéronlla ghaita toda.

[Costureiriña] bonita
donde tela túa cama.



No poleiro das ghaliñas
nunha manchea de palla.

O amor da costureira
(...)

[Si te llegas a] casar
busca la mujer morena
de las blancas y las rubias
de ciento sale una buena.

O río cando vai cheo
leva carballos e follas
tamén podía levar -e
as linguas marmuradoras.

IV 606b

Miña soghra e maila túa
van na feira da Bandeira
vendelo becerro blanco
fillo da vaca marela.

Cando voy verte, morena
voy con alegría
porque voy con la esperanza
de yo ser tuyo
y de tú ser mía, morena.

- Mira que bonito!
- Si. Pasodobles.
- Si, pasodobles.

Pa la mar bajan los ríos,
paloma revoladora,
no pongas el pié delante
deja que el agua corra, morena.

Para Fontenlo cantando,
para Fontenlo cantando
eses mociños de Barro
van coma a troita nadando.

Pasei pola túa porta
pedinche aughá e non ma deches
aghora meu queridiño
fareiche o que me fixeches.

IV 158

Viva Barro, viva Barro,
viva Barro, viva ben
aunque digo viva Barro
viva Fontenlo tamén.

Toca pandereta toca
se non heiche de rachar -e



que me custachelos cartos
axúdanos a ghanar -e.

Este pandeiro que toco
era de coiro de can -he
inda me quixo morder -e
domingo pola mañan -he.

Pandereta de sanguiño
pandereta de sanguiño
tócana en Ribadavia
resona no Carballiño.

Unha noite no muíño
unha noite non é nada
unha semaniña enteira
esa si que é muiñada.

IV 532

Neniñas de Vilapouca
vinde lavar ao meu río
anque o río non é meu -e
está no meu labradío.

Ailarala...

IV 429a

As nenas de Vilapouca
non é unha que son todas
poñen seis pares de medias
pa facelas pernas ghordas.

Ailarala...

IV 838a

Nuestra Señora da Grela
ten un vestido de seda
quen llo dou, quen llo daría
San Xorxe de Codeseda.

Anduvecheste alabando
que me habías de deixar
agora deixote eu
corre ben vaite alabar.

Eres una loca vana
llenada de pensamento
piensas que contigo sola
tengo que pasar el tiempo.

IV 783

San Antonio de Penalva
ten unha casa no monte
as mulleres beben viño
os homes aghua da fonte.



Larala...

San Antonio de Penalva
por que non cásalas nenas
... casa as vellas.

- Pero non me sale a outra palabra. Esqueceume xa. Agora outra.

Se o río de Lérez
levara coñá
máis de catro pillos
a irían alá.
Irían alá, irían alá
se o río de Lérez
levara coñá.

IV 783

San Antonio de Penalva
ten unha casa no monte,
San Antonio de Penalva
ten unha casa no monte,
as mulleres beben viño
os homes aghua da fonte.

- Agora quedou mellor. Agora vouche contar o de San Benito de Lérez.

O San Benito de Lérez
o que aí lle foron armar -e
que tiña un homiño morto
debaixo do seu altar -e.

Ailalala...

Moribunda, medio muerta
encontraron a una mujer.
A su lado un pequeñín
diciento “Mamá, despierta.”

Maribunda, media muerta
(...)

San Xorxe de Codeseda
casamenteiro das vellas
por que non casas as nenas
que mal che fixeron elas.

- Non pronuncio ben pola... (ri)

IV 617b

Para Fontenlo cantando
para outro lado non
para Fontenlo cantando
prenda do meu corazón
para Fontenlo cantando
prenda do meu corazón.



IV 446d

En Fontenlo hai boas mozas
e nas Quintas a flor delas
en Insuela e Xubrei
caravillas pras cancelas.

Laralala...

[As de alá de baixo]
agharran a vara
i bailan o tango
bailan o tango
e maila muiñeira
as de alá de baixo
non hai quen as queira.

As de alá de baixo
non hai quen as queira
bailan o tango
e máis a muiñeira.

As de alá de baixo
non hai quen as queira
que bailan o tango
e máis a muiñeira.

“Miña nena dáme un bico
heiche dar un pataco,
miña nena dáme un bico
que vou dar un pataco”

“Non quero bicos dos homes,
non quero bicos dos homes
que me cheiran ó tabaco”

- Non está ben. (...) Un carpinteiro, cantando sempre, traballando. E cantaba ese. Ese así.

VI 539

Non quero muller
do cu cosido
que as do cu cusido
non ghanstan salú
non ghanstan salú
na poden ghanstar
non quero muller
das do cu cosido.